

I. DISPOSICIÓN XERAIS

COMISIÓN NACIONAL DOS MERCADOS E DA COMPETENCIA

- 614** *Circular 1/2020, do 9 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía de retribución do xestor técnico do sistema gasista.*

A Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, en redacción dada polo Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, de medidas urxentes para adecuar as competencias da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ás exigencias derivadas do dereito comunitario en relación coas directivas 2009/72/CE e 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e do gas natural, establece no seu artigo 7.1.i) que é función da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia establecer mediante circular a metodoloxía para o cálculo da retribución do xestor técnico do sistema gasista, en función dos servizos que efectivamente preste. A dita retribución poderá incorporar incentivos, que poderán ter signos positivos ou negativos, á redución de custos do sistema gasista derivados da operación do mesmo ou doutros obxectivos. Así mesmo, o número 7 do artigo 59 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, engadido polo Real decreto lei 1/2019, tamén determina que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia establecerá a metodoloxía da retribución da xestión técnica do sistema.

O artigo 64 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, de conformidade co establecido pola súa vez no artigo 58.b), determina que o xestor técnico do sistema será responsable da operación e da xestión técnica da rede básica e de transporte secundario, e garantirá a continuidade e a seguridade da subministración de gas natural e a correcta coordinación entre os puntos de acceso, os almacenamentos, o transporte e a distribución, e lista as súas funcións. Así mesmo, establece que o xestor do sistema exercerá as súas funcións en coordinación cos distintos suxeitos que operan ou fan uso do sistema gasista baixo os principios de transparencia, obxectividade e independencia, e que as actividades de xestión técnica que realice o xestor do sistema serán retribuídas adecuadamente, conforme o disposto no capítulo VII da dita lei.

O artigo 91 do citado capítulo VII establece que as actividades destinadas á subministración de combustibles gasosos serán retribuídas economicamente con cargo ás tarifas de último recurso, peaxes, canons e cargos e aos prezos aboados.

O artigo 60 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, establece que na metodoloxía retributiva das actividades reguladas no sector do gas natural se considerarán os custos necesarios para realizar a actividade unha empresa eficiente e ben xestionada, de acordo co principio de realización da actividade ao menor custo para o sistema gasista con criterios homoxéneos en todo o territorio español, sen prexuízo das especificidades previstas para os territorios insulares. Estes réximes económicos permitirán obter unha retribución adecuada á dunha actividade de baixo risco.

A Lei 18/2014, do 15 de outubro, establece no seu artigo 59.4, na redacción dada polo Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, que os custos do sistema gasista serán financiados mediante os ingresos do sistema gasista. Dentro dos custos asociados ao uso das instalacións inclúese, no número 4.a).3.º, a retribución da xestión técnica do sistema.

A disposición adicional vixésima da Lei 34/1998, do 7 de outubro, establece que o director executivo da sociedade filial de Enagás, S.A. que exerza as funcións do xestor técnico do sistema será nomeado e destituído polo Consello de Administración da sociedade, co visto e prace do ministro de Industria, Turismo e Comercio (actualmente ministra para a Transición Ecolóxica). Así mesmo, establece que o persoal da filial que

exerza as funcións como xestor técnico do sistema subscribirá o código de conduta a que fai referencia o artigo 63 da citada lei, garantindo a súa independencia respecto ao resto de actividades desenvolvidas polo grupo empresarial. A citada filial é Enagás GTS, S.A.U., á cal se asignou a rama de actividade de xestión técnica do sistema, en cumprimento do mandato establecido na Lei 2/2011, do 27 de maio, de economía sustentable.

O artigo 62.2 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, establece que o xestor técnico do sistema gasista deberá levar contas separadas que recollan os gastos e ingresos estritamente imputables á dita actividade.

En cumprimento do principio de transparencia, as resolucións que dite a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia en execución desta circular serán publicadas nos termos establecidos nos artigos 7.1 e 37.1 da Lei 3/2013, do 4 de xuño.

En liña co dito no ditame emitido polo Consello de Estado e dado que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia exerce esta competencia por primeira vez, a circular non inclúe unha disposición derogatoria.

A circular adécuase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Estes principios son os de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

En particular, en canto aos principios de necesidade e eficiencia, esta circular está xustificada por unha razón de interese xeral, baséase nunha identificación clara dos fins perseguidos e é o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.

A circular é acorde co principio de proporcionalidade ao conter a regulación necesaria e imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados. Así mesmo, axústase ao principio de seguridade xurídica, materializando o mandato do Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro.

En canto ao principio de transparencia, a circular dítase de conformidade co artigo 30 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, e dotouse o procedemento da máxima publicidade e transparencia. Así mesmo, debe indicarse que a principal novidade introducida consiste en establecer nunha norma o modelo de retribución do xestor técnico do sistema, proporcionando seguridade xurídica ao xestor técnico do sistema e aos consumidores que soportan o custo da súa actividade.

Por último, con respecto ao principio de eficiencia, as medidas regulatorias consideran a información dispoñible na Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que se obtén a través da Circular 5/2009, do 16 de xullo, e da Circular 1/2015, do 22 de xullo, de modo que non implican novas cargas administrativas. Con respecto á retribución, unicamente se consideran os custos necesarios para realizar a actividade, considerando unha retribución correspondente a unha actividade de baixo risco, realizada por unha empresa eficiente e ben xestionada, e con criterios de eficiencia económica.

Por todo o anterior, conforme as funcións asignadas polo artigo 7.1.i) da Lei 3/2013, do 4 de xuño, logo do trámite de audiencia, e de acordo coas orientacións de política enerxética previstas na Orde TEC/406/2019, do 5 de abril, o Pleno do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, na súa sesión do día 9 de xaneiro de 2020, acordou, de acordo co Consello de Estado, emitir a presente circular.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta circular ten por obxecto:

a) Establecer a metodoloxía aplicable a partir do ano 2021 para o cálculo da retribución do xestor técnico do sistema gasista, en función dos servizos que efectivamente preste, e que poderá incorporar incentivos.

b) Establecer a metodoloxía para o financiamento da retribución do xestor técnico do sistema gasista.

Artigo 2. *Períodos regulatorios.*

Cada período regulatorio p terá unha duración de 3 anos, en que n é o primeiro ano de cada período regulatorio e $n+2$ o último ano.

CAPÍTULO II

Metodoloxía de cálculo da retribución do xestor técnico do sistema gasista

Artigo 3. *Retribución do xestor técnico do sistema.*

A retribución do xestor técnico do sistema estará composta por unha base de retribución, un tramo de retribución por incentivos e o importe anual devindicado da conta regulatoria por novas obrigacións. Establecerase a partir da seguinte fórmula:

$$RT_n^{XTS} = BRet_n^{XTS} + RxInc_n^{XTS} + CR_n^{XTS} + D_n^{XTS}$$

Onde:

RT_n^{XTS} : retribución total do xestor técnico do sistema no ano n .

$BRet_n^{XTS}$: base de retribución do xestor técnico do sistema no ano n . Será aquela do período regulatorio p a que o ano n pertenza.

$RxInc_n^{XTS}$: retribución por incentivos do xestor técnico do sistema no ano n .

CR_n^{XTS} : importe anual devindicado da conta regulatoria por novas obrigacións.

D_n^{XTS} : diferenza a que se refiren o artigo 12.3 e o artigo 13.2.

Artigo 4. *Base de retribución.*

1. A base de retribución do xestor técnico do sistema establecerase para cada período regulatorio p , a partir da seguinte fórmula:

$$BRet_p^{XTS} = BOpex_p^{XTS} + BMarx_Opex_p^{XTS} + BAmort_p^{XTS} + BRF_p^{XTS}$$

Onde:

p : período regulatorio, comprendido entre o 1 de xaneiro do ano n e o 31 de decembro do ano $n+2$.

$BRet_p^{XTS}$: base de retribución do xestor técnico do sistema do período regulatorio p .

$BOpex_p^{XTS}$: termo de retribución por OPEX incluído na base de retribución do xestor técnico do sistema do período regulatorio p .

$BMarx_Opex_p^{XTS}$: marxe sobre o termo de retribución por OPEX incluída na base de retribución do xestor técnico do sistema do período regulatorio p .

$BAmort_p^{XTS}$: termo de amortización estándar incluído na base de retribución do xestor técnico do sistema do período regulatorio p .

BRF_p^{XTS} : termo de retribución financeira estándar incluído na base de retribución do xestor técnico do sistema do período regulatorio p .

2. A base de retribución do xestor técnico do sistema manterase constante para os sucesivos períodos regulatorios, ben que poderá revisarse en caso de que se asignen novas obrigacións ao xestor técnico do sistema.

Artigo 5. Termo de retribución por OPEX.

1. O termo de retribución por OPEX ($BOpex_p^{XTS}$) incluído na base de retribución do xestor técnico do sistema do período regulatorio p determinarase a partir dos custos da actividade de xestión técnica do sistema reflectidos na contabilidade separada, e a partir da información regulatoria de custos da actividade de xestión técnica do sistema.

2. Unicamente se considerarán os custos necesarios para realizar a actividade unha empresa eficiente e ben xestionada.

3. En ningún caso se incluírán dentro do termo de retribución por OPEX custos que fosen recuperados con cargo á retribución do transporte, regasificación e almacenamento de gas natural.

4. Non formarán parte do termo de retribución por OPEX os conceptos seguintes:

a) Os traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado que se activasen como investimento.

b) As indemnizacións de persoal.

c) As provisións.

d) As marxes engadidas polas empresas do grupo sobre o custo dos servizos prestados.

e) As subvencións, salvo o 10 % das europeas, cun límite máximo de 10 millóns de euros.

f) Os custos dos centros de control que presten servizos ao transporte.

g) As deterioracións e revalorizacións de activos.

h) Os gastos e ingresos financeiros.

i) Os impostos sobre o beneficio.

j) Os custos do servizo de reporte de datos á Axencia para a Cooperación dos Reguladores da Enerxía por conta dos axentes, no ámbito do Regulamento (UE) n.º 1227/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, sobre a integridade e a transparencia do mercado grosista da enerxía.

k) Os custos repercutidos pola matriz do grupo de sociedades a que o xestor técnico do sistema pertence que non resulten necesarios para desenvolver a súa actividade, ou cuxo importe sexa desproporcionado en relación co tamaño do xestor técnico do sistema, coa utilidade que representan para a realización da xestión técnica do sistema, ou que non se terían efectuado en caso de que o xestor non formase parte dun grupo de sociedades.

l) Non se terán en conta os custos en que incorra o xestor técnico do sistema para a prestación de servizos a outras empresas do grupo.

Artigo 6. Marxe sobre o termo de retribución por OPEX.

1. A marxe sobre o termo de retribución por OPEX ($BMarx_Opex_p^{XTS}$) incluído na base de retribución do xestor técnico do sistema do período regulatorio p calcularase a partir da seguinte fórmula:

$$BMarx_Opex_p^{XTS} = BOpex_p^{XTS} * BMarxe_p^{XTS}$$

Onde:

$BMarxe_p^{XTS}$: marxe, en porcentaxe (%).

2. A marxe $BMarxe_p^{OS}$ establécese nun 5%.

Artigo 7. Termo de amortización estándar.

1. O termo de amortización estándar ($BAmort_p^{XTS}$) incluído na base de retribución do xestor técnico do sistema do período regulatorio p calcularase a partir do gasto en concepto de amortización que figure na contabilidade financeira do xestor técnico do sistema, e a partir da información regulatoria de custos do citado xestor técnico.

2. Unicamente se considerarán os investimentos necesarios para realizar a actividade unha empresa eficiente e ben xestionada.

Artigo 8. *Termo de retribución financeira estándar.*

1. O termo de retribución financeira estándar (BRF_p^{XTS}) incluído na base de retribución do xestor técnico do sistema do período regulatorio p calcularase a partir da fórmula seguinte:

$$BRF_p^{XTS} = BlmN_p^{XTS} * Taxa \text{ de retribución financeira }_p^{XTS}$$

Onde:

$BlmN_p^{XTS}$: inmovilizado neto estándar incluído na base de retribución do xestor técnico do sistema do período regulatorio p .

Taxa de retribución financeira $_p^{XTS}$: taxa de retribución financeira, en porcentaxe (%) con 2 decimais. Tomará o valor da taxa de retribución financeira das actividades de transporte e regasificación de gas natural que se estableza nos anos que se correspondan co período regulatorio p , na Circular 2/2019, do 12 de novembro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía de cálculo da taxa de retribución financeira das actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica, e regasificación, transporte e distribución de gas natural.

2. O inmovilizado neto estándar incluído na base de retribución do xestor técnico do sistema do período regulatorio p calcularase a partir do inmovilizado neto da contabilidade financeira do citado xestor, e a partir da información regulatoria de custos da actividade de xestión técnica do sistema de gas natural.

3. Unicamente se considerarán os investimentos necesarios para realizar a actividade unha empresa eficiente e ben xestionada.

4. En ningún caso se incluírán dentro do inmovilizado neto estándar importes de activos asignados ao xestor técnico do sistema e utilizados polas actividades de transporte, regasificación e almacenamento.

5. Non formarán parte do inmovilizado neto estándar os conceptos seguintes:

- a) O inmovilizado en curso.
- b) Os activos intangibles distintos das aplicacións informáticas.
- c) Os investimentos dos centros de control que presten servizo ao transporte.
- d) A participación do xestor técnico do sistema no operador do mercado organizado do gas, MIBGAS, S.A.

Artigo 9. *Conta regulatoria.*

1. O xestor técnico do sistema disporá dunha conta regulatoria cuxo saldo se establece para cada período regulatorio p , que lle permita asumir novas obrigacións atribuídas por regulamentos europeos ou regulación nacional, así como novos proxectos europeos de importancia e interese para o sistema gasista.

2. O saldo da conta regulatoria devindicará un terzo cada ano do período regulatorio.

$$CR_p^{XTS} = \frac{CR_p^{XTS}}{3}$$

3. Antes do 15 de abril do ano seguinte, o xestor técnico do sistema remitirá á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia o soporte documental dos custos en que se incorreu en cada ano do período regulatorio, con cargo á conta regulatoria, que deberán ser prudentes e efectuados conforme criterios de eficiencia económica. O dito soporte documental deberá acreditar fidedignamente que os custos son adicionais con respecto aos que están incluídos na base de retribución e non incluírán marxes nin custos indirectos.

4. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia calculará o saldo da conta regulatoria ao final de cada exercicio, unha vez validado o soporte documental achegado.

5. En caso de que exista saldo acumulado sobrante da conta regulatoria ao final do ano $n+2$, o saldo da conta regulatoria do período $p+1$ non poderá ser inferior ao saldo da conta regulatoria do período p máis o dito saldo sobrante.

6. No suposto excepcional de que o operador do sistema incorra en custos durante o período regulatorio p por novas obrigacións regulatorias imprevistas que superen o saldo da conta regulatoria do período p , estes custos poderán incorporarse á conta regulatoria do período seguinte ($p+1$), sempre que estean debidamente xustificadas.

CAPÍTULO III

Retribución por incentivos

Artigo 10. *Retribución por incentivos.*

1. A retribución por incentivos do xestor técnico do sistema no ano n tomará un valor que poderá oscilar na seguinte banda:

$$LI * BRet_p^{XTS} < RxInc_n^{XTS} < LS * BRet_p^{XTS}$$

Onde:

LI é o límite inferior do termo de retribución por incentivos, expresado en porcentaxe negativa. Non poderá ser inferior ao -5%.

LS é o límite superior do termo de retribución por incentivos, expresado en porcentaxe positiva. Non poderá ser superior ao 5%.

2. Para cada período regulatorio estableceranse, mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, os límites inferior e superior do tramo de retribución por incentivos.

3. O mecanismo de retribución por incentivos do xestor técnico do sistema será desenvolvido pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia mediante circular, de acordo con criterios de eficiencia nas actuacións do xestor no ámbito das súas competencias respecto ao sistema gasista. Este mecanismo sustentarase nun sistema que reflectirá o estado dos procesos e o desempeño das funcións e obrigacións establecidas regulatoriamente ao xestor técnico do sistema, con base en criterios de eficiencia, transparencia, obxectividade e non discriminación.

4. Ao menos desenvolveranse indicadores de eficiencia relativos aos seguintes aspectos:

a) A operación e xestión técnica do sistema gasista e a correcta coordinación entre as distintas infraestruturas.

Os indicadores a este respecto incluírán, entre outros, parámetros que midan a idoneidade, a optimización, a transparencia e o trato non discriminatorio das instrucións de operación e xestión impartidas polo xestor técnico do sistema, como a comunicación e publicación de información sobre afeccións que impacten na operación das instalacións, a diferenza entre as entradas e saídas de gas do sistema gasista, o número de conflitos de xestión técnica do sistema interpostos polos usuarios, a dispoñibilidade do sistema loxístico de acceso de terceiros á rede e a calidade na atención aos axentes do sistema gasista.

b) A continuidade e seguridade da subministración de gas natural.

Neste caso, os indicadores terán en conta a previsión da demanda e a planificación eficiente do sistema gasista elaborada polo xestor técnico do sistema, o número e duración de posibles interrupcións da subministración aos usuarios en caso de fallos xerais do

sistema gasista e a adecuación e aplicación, cando sexa necesario, de plans de actuación para a reposición do gas natural nestes casos.

c) O acceso de terceiros ás instalacións do sistema gasista e o óptimo uso destas.

Estes indicadores medirán a eficiencia en aspectos como a publicación en tempo e forma da información necesaria para a contratación de capacidade, o nivel de capacidade ofertada, o grao de utilización da capacidade, a dispoñibilidade da plataforma de solicitude e contratación do acceso, o número de conflitos de acceso interpostos polos usuarios, a calidade na atención aos usuarios en relación co acceso e as solucións propostas para a xestión de posibles conxestións.

d) A xestión do balance de gas nas instalacións.

Os indicadores sobre o balance das instalacións terán en conta o número e adecuación das actuacións realizadas polo xestor técnico do sistema para manter os distintos tipos de infraestruturas do sistema dentro dos límites de operación normal destas, as cantidades e o prezo do gas comprado e vendido por este no mercado organizado de gas, a comunicación en tempo e forma da información sobre o balance aos usuarios, a calidade do cálculo do balance dos usuarios e o prazo na súa entrega e a calidade na atención aos axentes do sistema gasista en relación co balance. Ademais, definiranse indicadores en relación co control das garantías de balance e coa aplicación das medidas establecidas para evitar comportamentos inadecuados dos usuarios respecto ao balance.

CAPÍTULO IV

Metodoloxía para a determinación do financiamento da retribución do xestor técnico do sistema

Artigo 11. *Financiamento da retribución do xestor técnico do sistema.*

A retribución do xestor técnico do sistema recuperarase mediante unha cota, que se aplicará como porcentaxe sobre a facturación das peaxes e canons dos servizos básicos de acceso ás instalacións de transporte, distribución e plantas de gas natural licuado, e como porcentaxe sobre a facturación dos canons dos servizos básicos de acceso aos almacenamentos subterráneos, que deberán recadar as empresas transportistas, distribuidoras e o xestor técnico do sistema.

Artigo 12. *Cobramento e liquidación.*

1. As cantidades recadadas en concepto de cota para o financiamento da retribución do xestor técnico do sistema deberán ser ingresadas nos prazos e da forma que establece a Orde ECO/2692/2002, do 28 de outubro, pola que se regulan os procedementos de liquidación da retribución das actividades reguladas do sector do gas natural e das cotas con destinos específicos e se establece o sistema de información que deben presentar as empresas.

2. O xestor técnico do sistema recibirá os importes procedentes desta cota nos prazos e da forma que establece a Orde ECO/2692/2002, do 28 de outubro.

3. A diferenza, positiva ou negativa, entre as cantidades percibidas polo xestor técnico do sistema pola aplicación da cota anterior e a retribución anual que se estableza para o ano n incorporase na súa retribución do ano $n+2$. No ano $n+1$ recoñecerase provisionalmente unha estimación da dita diferenza.

CAPÍTULO V

Establecemento da retribución e do seu financiamento

Artigo 13. *Establecemento da contía anual de retribución do xestor técnico do sistema.*

1. Antes do 1 de xaneiro do ano n a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará, mediante resolución, a contía da retribución do xestor técnico do sistema do ano n a que se refire o artigo 3, con base na metodoloxía establecida nesta circular. Incorporarase unha estimación do termo de retribución por incentivos que responderá a un nivel de cumprimento máximo.

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia determinará, mediante resolución, o nivel de cumprimento dos incentivos do ano n . A diferenza entre a estimación do termo de retribución por incentivos e a contía que resulte de conformidade co nivel de cumprimento destes será incorporada na retribución do ano $n+2$.

Artigo 14. *Establecemento da cota para o financiamento do xestor técnico do sistema.*

Antes do 1 de xaneiro do ano n a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará mediante resolución a cota para o financiamento da retribución do xestor técnico do sistema a que se refire o artigo 11.

Disposición adicional primeira. *Valores dos parámetros da base de retribución do xestor técnico do sistema para o período regulatorio 2021-2023.*

O primeiro período regulatorio de aplicación da presente circular transcorrerá desde o 1 de xaneiro de 2021 ao 31 de decembro de 2023.

Para este período regulatorio, os valores dos parámetros da base de retribución do operador do sistema serán os seguintes:

- 1.º $BRet_p^{XTS}$: 25.007 miles €.
- 2.º $BOpex_p^{XTS}$: 14.904 miles €.
- 3.º $BMarx_Opex_p^{XTS}$: 745 miles €.
- 4.º $BAmort_p^{XTS}$: 8.650 miles €.
- 5.º BRF_p^{XTS} : 708 miles €.
- 6.º $BInmN_p^{XTS}$: 13.008 miles €.
- 7.º CR_p^{XTS} : 5.000 miles €.
- 8.º CR_n^{XTS} : 1.667 miles €.

Disposición adicional segunda. *Retribución por incentivos para o primeiro período regulatorio.*

Para os efectos da retribución por incentivos prevista no artigo 10 da circular, con relación ao primeiro período regulatorio, fíxanse os límites inferior e superior en -2 % e +2 % respectivamente.

Disposición adicional terceira. *Fontes de información.*

Sen prexuízo doutra información que se encontre á disposición da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ou que esta poida obter por outros medios, utilizarase a información procedente da Circular 5/2009, do 16 de xullo, e da Circular 1/2015, do 22 de xullo.

Disposición transitoria única. *Retribución do ano 2020.*

A contía da retribución do xestor técnico do sistema para o ano 2020 será igual á base de retribución para o período regulatorio 2021-2023, que ascende a 25.007 miles de euros.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente circular entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 9 de xaneiro de 2020.– O presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, José María Marín Quemada.